

Como sabedes, no colexio estivemos versionando obras de diferentes artistas. Esta vez, aproveitando o tempo que imos pasar na casa, imos coñecer e versionar a un artista que tamén pasou unha parte da súa vida encerrado, debido neste caso a unha enfermidade mental. Imos coñecer algo sobre el:




El é **Vincent Van Gogh**. Vincent Van Gogh naceu o 30 de marzo do ano 1853 en Holanda. Era fillo dun sacerdote e a súa familia era de orixe humilde, tendo incluso que deixar os seus estudos pola difícil situación económica da súa familia.

Aos 16 anos comezou a traballar para a Galería de Arte Goupil, onde comezou o seu gusto pola pintura, algo que o acompañaría ao longo da súa vida.

Durante varios anos, traballou como profesor, predicador e vendedor de libros, ata darse conta de que o debuxo era a súa verdadeira paixón. Grazas ao seu irmán Theo entrou aos 27 anos na Academia de pintura de Bruxelas.

Pese a facer moitos debuxos e obras, estas non se vendían, polo que recibiu axuda económica duns dos seus irmáns para poder sobrevivir. Co paso do tempo, comezou a ter alucinacións e a padecer dores, polo que o seu irmán decidiu ingresalo nun Hospital, diagnosticado de esquizofrenia. Aínda así, seguiu pintando.

Unha das súas obras máis coñecidas de Van Gogh é **O dormitorio en Arlés**, no que pintou como era a súa habitación.



## Actividade:

Aproveitando que vas pasar moitos días na casa e verás a miúdo a túa habitación, deberás versionar a obra de Vincent Van Gogh, facendo unha pintura da túa habitación. Podes facelo como queiras, utilizando os materiais que teñas na casa.

Despois, deberás elaborar unha pequena descripción da mesma en Lingua Galega, que ma entregarás á volta ao colexio.

